

VÉN O MAGOSTO

Vén o Magosto para a escola de Campolongo cos petos repletos de ledicia e papeis con cantigas que caen en agasallos, alegres como brasas, regalándonos lúdicas fantasías.

Chega co sabor húmido do outono, atesourando os nosos beizos co sopro inmenso dun sorriso, e debuxando por novembro unha mirada chea de aventura e misterio no talo das emocións.

Vén agromando na memoria dos nenos esa maxia prolongada de lume e cinsa ardendo na prodixiosa fogueira, onde se xuntan o engado e a paixón, inaugurando no feiticeiro ceo pontevedrés un ritual de divertimento e rapaces ensimesmados de sorpresa, diante deste improvisado acontecemento de chamas e ardentía.

Renacen urxentes as labaradas nos asubíos do vento co aberto rebulir da mañanciña, coas carreiriñas, as troulas, os enredos e as risas en abundancia.

Hoxe é a festa das castañas, das cantigas entoadas, coas copras guindadas ao ar, as chanzas, os contos, os xogos e as lérias da rapazada.

Hoxe vén o Magosto bulindo de contento, tocando o pulso das sensacións con sílabas de lume nunha melodía de alegrías multiplicada, e vaise coa sombra das lembranzas, deixando os seus ollos nos nosos ollos, para aledarnos co recordo desta festa.

Campolongo novembro de 2013 EDL

PROGRAMA DE ACTUACIONES

Día 15-11-2013

Presentadores/as

Teresa Cortegoso Guseynova e Daniel Moreira Porto.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

- 11,00 h.- Saída das aulas e concentración no patio do 2º ciclo.
- 11,05 h.- Presentación.
- 11,10 h.- Música popular a cargo de : Esteban Pinilla Álvarez ´(5º C) á gaita acompañado de Jesús Nicolás Díaz Boullosa , Adriana Ayude Tilve, Berta Devesa Parcero, Diego Fariña Lázaro (6º A) e o mestre Modesto Prada Rodríguez, que interpretan: "*Patelas*"
- 11,15 h.- Cantigas do MAGOSTO a cargo do alumnado de 6 º, acompañados instrumentalmente por alumnado de 5º. Voz solista: Ana Vidal de Súa.
- 11,40 h.- Música popular a cargo de : Esteban Pinilla Álvarez ´(5º C) á gaita acompañado de Jesús Nicolás Díaz Boullosa , Adriana Ayude Tilve, Berta Devesa Parcero, Diego Fariña Lázaro (6º A) e o mestre Modesto Prada Rodríguez, que interpretan: "*Arrieiro*"
- 11,45 h.- Xogos populares dirixidos polo alumnado de sexto.
- 13,00 h.- Reparto de castañas e bebidas.
- 13,50 h.- Entrada ás aulas para recoller e saír.



A TER EN CONTA PARA O MAGOSTO

- A partires das 9,00 horas acendido do lume.
- Ás 11,00 horas soará o timbre para que os alumnos/as, acompañados polo seu profesor/a, baixen ó patio de 2º ciclo e se coloquen en orde para escoitar e participar nas actividades do magosto.
- Tamén teremos xogos populares dirixidos polo alumnado de 6º que se desenvolverán nos patios correspondentes a cada nivel e ximnasio.
- Para o reparto de castañas os titores concentrarán aos seus alumnos nunha zona do recinto e collerán unha caixa de castañas asadas para facer o reparto. Deben ter en conta que todo debe quedar limpo polo que colocarán bolsas de lixo ou recipientes e empregarán as papeleiras do patio para depositar o lixo. Despois do reparto de castañas e ata a hora de subir ás aulas, os titores/as encargaranse do coidado dos seus alumnos.
- Cada alumno/a terá o seu cucurucho preparado para recoller as castañas que reparte o titor/a.
- Está previsto que soe o timbre ás 13,50 para subir ás aulas, recoller e marchar ás 14 horas.
- Uns días antes repartirase unha circular ós alumnos na que se lles pide que traian unha ducia de castañas cortadas para que non estoupen, que irán depositando debaixo das escaleiras do corredor do colexio.
- Na semana do 5 ao 9 de novembro os titores dedicarán algún tempo na aula para traballos individuais ou colectivos referidos a castaña. O Equipo de Normalización Lingüística dispón de modelos de unidades didácticas para seren consultadas como material de apoio.

RESPONSABILIDADES

- ✓ Preparar brasa e asado de castañas: profesorado e pais/nais voluntarios.
- ✓ NN.TT-EDL (Música e fotografía).
- ✓ Colaboración de tódolos profesores para garantir o bo desenvolvemento da actividade.



ÁS 14 HORAS TEREMOS REUNIÓN DE PROFESORES

CEP CAMPOLONGO



O MAGOSTO



15 DE NOVIEMBRE DE 2013